

**PROCESO SELECTIVO CONVOCADO PARA A PROVISIÓN EN PROPIEDAD DE UNHA (1) PRAZA DE OFICIAL DE MANTEMENTO (LABORAL), INCLUÍDA NA OEP DOS ANOS 2020, 2021 E 2022 (QUENDA LIBRE - OPOSICIÓN)****ANUNCIO SOBRE A RESOLUCIÓN DAS RECLAMACIÓN DO TEST E NOVAS PUNTUACIÓN POR CORRECCIÓN DA OPCION DE RESPONSA CORRECTA NA PREGUNTA 14 E ANULACIÓN DA PREGUNTA 30 SUBSTITUÍDA POLA PRIMEIRA DE RESERVA****PUBLICACIÓN ACORDOS DO ÓRGANO DE SELECCIÓN ADOPTADOS EN SESIÓN DO 03/02/2026:****"2.- EXAME E RESOLUCIÓN DAS ALEGACIÓN ACHEGADAS ÁS PREGUNTAS DO PRIMEIRO EXERCICIO TIPO TEST.**

Dentro do prazo de alegación concedido (tres días hábiles a contar dende o seguinte á publicación das cualificacións, o 23 de xaneiro), presentáronse os seguintes escritos de alegación contra preguntas do primeiro exercicio tipo test, celebrado o venres 23 de xaneiro:

- Alegación formulada por Dna. A.F.C., presentada o 26/01/2026, con número de rexistro de entrada nº 260020155, impugnando a pregunta número 14.
- Alegación formulada por D. R.M.J., presentada o 26/01/02026, con número de rexistro de entrada nº 260020005, impugnando a pregunta número 22.
- Alegación formulada por D. R.M.J., presentada o 26/01/02026, con número de rexistro de entrada nº 260019786, impugnando a pregunta número 1.
- Alegación formulada por D. R.M.J., presentada o 26/01/02026, con número de rexistro de entrada nº 260019863, impugnando a pregunta número 20
- Alegación formulada por D. R.M.J., presentada o 26/01/02026, con número de rexistro de entrada nº 260019927, impugnando a pregunta número 21.
- Alegación formulada por D. J.C.G.C., presentada o 25/01/02026, con número de rexistro de entrada nº 260019404, impugnando a pregunta número 23.
- Alegación formulada por Dna. M.J.F.A., presentada o 25/01/02026, con número de rexistro de entrada nº 260019407, impugnando as preguntas números 14 e 30 .
- Alegación formulada por Dna. R.S.R., presentada o 23/01/02026, con número de rexistro de entrada nº 260019272, impugnando as preguntas números 14 e 21 .





- Alegación formulada por D. R.M.J., presentada o 26/01/02026, con número de rexistro de entrada nº 260020342, impugnando a pregunta número 22.

- Alegación formulada por J.M.A., presentada o 26/01/02026, con número de rexistro de entrada nº 260020187, impugnando a pregunta número 1.

A continuación analízanse as alegacións, adoptando por unanimidade o órgano de selección os seguintes acordos respecto de cada unha das preguntas obxecto de alegación:

PREGUNTA Nº 1:

El espesor de la llaça y el tendel será inferior a:

- a) 1 pulgada
- b) 1 milímetro
- c) 1 centímetro
- d) 2 centímetros

As persoas alegantes indican, en síntese, que consideran incorrecta a resposta c) debido a que as fontes consultadas indican que o espesor non será menor que 8 mm nin maior que 15 mm.

Segundo o disposto no CTE. SE-F punto 7.1.5, a resposta c) é a única que entraría entre as marxes permitidas, de 8 a 1,5 mm.

En consecuencia o órgano de selección acorda desestimar as alegacións achegadas contra a pregunta 1, porque a única resposta correcta é a c), xa que é a única que entraría entre as marxes permitidas, de 8 a 1,5 mm segundo o disposto no CTE. SE-F punto 7.1.5.

PREGUNTA 14:

El almacén en la cadena logística sirve:

- a) De elemento reguladora en el flujo de mercancías.
- b) Como recinto de recepción y almacenaje de mercancías.
- c) Como recinto para la preparación de los medios a nuestros clientes y su posterior expedición.
- d) Todas las anteriores son correctas.

As persoas alegantes, en síntese, indican que a resposta a) é incorrecta.

En consecuencia o órgano de selección acorda estimar as alegacións achegadas, sendo a resposta correcta a d), polo que procede rectificar a plantilla de respostas na que constaba erroneamente como correcta a resposta a).

PREGUNTA 20:

Las brocas espirales tienen una zona por la que desalojan el material que se corta. Se denomina:

- a) Astil.
- b) Cuerpo helicoidal.
- c) Unta o boca.
- d) Vástago.





A persoa alegante, en síntese, indica que a resposta correcta non consta “*ya que como se ve en las imagenes siguientes la respuesta correcta es canal. Tambien estrias o helice. Pero no cuerpo helicoidal que es algo mas amplio.*”

Porén, o órgano de selección acorda desestimar a alegación achegada, non resultando procedente a súa anulación porque a única resposta correcta é a b) *Cuerpo helicoidal*, xa que é unha das tres partes diferenciadas das brocas tal e como consta na páxina 357 do manual correspondente ao test do que foi extraída a pregunta n.º 9 da páxina 70: “Oficial de Mantemento. Test y casos prácticos”, Autor: Jose Antonio Vega Álvarez, Ed.: MAD, ISBN- 10: [84-665-7293-7](#).

PREGUNTA 21:

En el caso de una pieza recién barnizada en horizontal, evitaremos el colocarla en vertical al menos hasta pasadas unas:

- a) Dos horas para evitar ondulaciones del barniz.
- b) Tres horas para evitar ondulaciones del barniz.
- c) Seis horas para evitar ondulaciones del barniz.
- d) Veinticuatro horas para evitar ondulaciones del barniz.

As persoas alegantes, en síntese, indican que os factores a ter en conta son variados e non se especifica o tipo de barniz.

Porén, o órgano de selección acorda desestimar as alegacións achegadas, porque un barniz básico (xa que non se especifica que sexa especial) é imposible que estea preparado para manipulalo en 3 h ou menos, e 24 horas resulta excesivo. Polo que a única resposta correcta nun rango normal son 6 horas.

PREGUNTA 22:

Un grupo de niños ha roto un cristal del ayuntamiento mientras jugaban con la pelota. ¿Cómo hemos de pedir el tamaño del cristal para proceder a su sustitución?

- a) Se medirá el alto y el ancho del hueco y descontaremos de la medida 5 milímetros.
- b) Mediremos el alto y el ancho del hueco y no descontaremos nada.
- c) Mediremos el alto y el ancho del hueco y descontaremos 3 milímetros.
- d) Pediremos responsabilidades a los padres de los niños.

As persoas alegantes, en síntese, indica que a pregunta é confusa e ambigua, faltan datos e induce a posibles respostas.

Porén, o órgano de selección acorda desestimar as alegacións achegadas (DOC. 260020005 e e DOC. 260020342 con idéntico contido) porque o tema 6 se especifica “*Carpintería metálica vidros*”, polo que a resposta correcta sería 5 mm que é a medida mínima de holgura necesaria para as dilatacións de temperatura.

PREGUNTA 23:

El polímetro es un instrumento que se utiliza en electricidad. Éste mide:

- a) Amperios y ohmios
- b) Voltios, amperios, watios y ohmios.





- c) Voltios, amperios, watios y lux.
d) Voltios, amperios, watios y hercios.

A persoa alegante, en síntese, indica que non existen polímetros que midan esta magnitude de potencia (watios).

Porén, o órgano de selección acorda desestimar a alegación achegada, xa que os polímetros miden varias medidas: voltios, amperios, ohmios e watios, tal e como consta na páxina 263 do manual correspondente ao test do que foi extraída a pregunta n.º 21 da páxina 140: "Oficial de Mantemento. Test y casos prácticos", Autor: Jose Antonio Vega Álvarez, Ed.: MAD, ISBN- 10: 84-665-7293-7.

PREGUNTA 30:

De conformidad con el Acuerdo regulador de condiciones económicas y sociales de los trabajadores al servicio del Concello de Vigo, por la comisión de faltas leves se puede imponer la siguiente sanción:

- a) Suspensión de empleo y sueldo por un período inferior a 3 años.
b) Deducción proporcional de retribuciones.
c) Suspensión de empleo y sueldo por un período no inferior a 3 años ni superior a 6.
d) Ninguna es correcta.

A persoa alegante, en síntese, indica que o Acordo regulador de condicións económicas e sociais dos traballadores ao servizo do Concello de Vigo non consta no temario especificamente.

O órgano de selección acorda estimar a alegación achegada porque non se fai referencia especificamente no temario ao Acordo regulador de condicións económicas e sociais dos traballadores ao servizo do Concello de Vigo, polo que se procede á súa anulación e substitución pola primeira de reserva n.º 31.

II.- NOVA CORRECCIÓN COMO CONSECUENCIA DA CORRECCIÓN DA PREGUNTA 14 E ANULACIÓN DA PREGUNTA 30 SUBSTITUIDA POLA PRIMEIRA DE RESERVA

De acordo ca anterior motivación, o órgano de selección acorda:

Primeiro.- Corrixir o erro da plantilla de respostas publicado o 23/01/2026 respecto da resposta correcta da pregunta 14 na que se sinalaba como correcta a opción A, indicando que a opción de resposta correcta para esta pregunta é a D.

Segundo.- Anular a pregunta 30 e facer uso da primeira das preguntas de reserva (pregunta 31).

Terceiro.- Desestimar pola razóns expostas as alegacións referentes ás preguntas 1, 20, 21, 22 e 23.

Cuarto.- Realizar unha nova corrección dos exames, logo da corrección da plantilla de respostas como segue a continuación:



Copia do documento - Concello de Vigo
46520-220

Data impresión: 20/02/2026 12:03 | Páxina 4 de 6
CSV: ABB3AE-29218H-3DC1D3-5TLEBB-LCG2FE-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>


PLANTILLA CORRIXIDA DO PRIMEIRO EXERCICIO TIPO TEST

1	C		16	B	
2	C		17	A	
3	C		18	C	
4	D		19	C	
5	A		20	B	
6	B		21	C	
7	C		22	A	
8	A		23	B	
9	A		24	A	
10	A		25	C	
11	A		26	D	
12	B		27	A	
13	C		28	A	
14	D	rectificada	29	B	
15	B		30	B	anulada
			31	A	reserva

Quinto.- Publicar o resultado da nova corrección e a plantilla de respostas corrixida, incluíndo a pregunta de reserva na páxina web municipal e no taboleiro de editos do Concello, cos efectos previstos no artigo 45.1.b) da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas que establece:

“En todo caso, los actos administrativos serán objeto de publicación, surtiendo ésta los efectos de la notificación, en los siguientes casos:

b) Cuando se trate de actos integrantes de un procedimiento selectivo o de concurrencia competitiva de cualquier tipo. En este caso, la convocatoria del procedimiento deberá indicar el medio donde se efectuarán las sucesivas publicaciones, careciendo de validez las que se lleven a cabo en lugares distintos.”

Sexto.- Contra as novas puntuacións do primeiro exercicio caberá interpoñer recurso de alzada, sen prexuízo de que os/as interesados/as poidan interpoñer calquera outro recurso que estimen proceden consonte a Dereito.

Sendo as 12h o órgano de selección se despraza ao 7º andar para realizar unha nova corrección dos exames para o que se solicita a colaboración do funcionario, Luís Iglesias Rejas, do Servizo de Administración Electrónica, quen corrixe novamente os exames mediante o programa informático empregado para a corrección dos exercicios tipo test, acadando a seguinte:



**PUNTUACIÓN DO PRIMEIRO EXERCICIO - PROBA TIPO TEST**

ID	Ben	Mal	NC	Nota
010007	24	4	2	7,333
010120	22	3	5	6,833
010233	21	5	4	6,167
010346	16	2	12	5,000
010459	26	3	1	8,167
010572	24	5	1	7,167
010685	27	2	1	8,667
010798	25	5	0	7,500
010811	18	9	3	4,500
010924	19	6	5	5,333
011018	20	6	4	5,667
011244	24	2	4	7,667
011357	23	4	3	7,000

A Secretaria suplente do órgano de selección (sinatura dixital)

